

Servizo de asesoramento sexolóxico

de FADEMGA Plena inclusión Galicia



acende



Información en lectura fácil

Información do Servizo de asesoramento sexolóxico “Acende”

Qué é o servizo Acende?

O servizo de asesoramento sexolóxico de FADEMGGA Plena inclusión Galicia chámase servizo Acende.

Este servizo é gratis.

Acende é un servizo do programa de Mulleres en Igualdade.

Débora Baz é a sexóloga que vai a dar este servizo.

Débora é unha persoa experta en educación sexual con persoas con discapacidade intelectual.

Quen pode solicitar o servizo?

O servizo Acende é un servizo para axudar a mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Poden pedir este servizo as mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as persoas que queren axudar a unha muller con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Por exemplo:

- familias,
- parellas,
- profesionais,
- persoas de apoio
- ou persoas coidadoras.

Que temas tratamos no servizo?

Podes solicitar o servizo Acende se tes dúbidas ou necesitas axuda nalgún destes temas. como or exemplo:

- O coidado da nosa saúde sexual.
- O bo trato na relacións con outras persoas.
- O abuso sexual.
- Problemas e necesidades sexuais.
- A reprodución humana.
- Os cambios corporais
- Identidade de xénero, expresión de xénero e orientación sexual.
- Enfermidades sexuais.
- Conductas sexuais seguras.
- Métodos anticonceptivos e embarazo.
- Intimidade.

Como se solicita o servizo Acende?

Para solicitar o servizo Acende tes que chamar ou enviar un WhatsApp ao teléfono 683 43 00 12.

Tamén podes mandar un correo a sexualidade@fademga.org

Despois tes que cubrir:

- [a ficha de solicitude do servizo](#)
- [a ficha de autorización de datos](#)

Podemos axudarche a cubrir estas fichas se necesitas axuda.

Despois de facer a solicitude FADEMGGA poñerase en contacto contigo para ter unha reunión.



acende

**Acende o dereito a sentir,
gozar e decidir**



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA



**Plena
inclusión**
Galicia